



ORZAMENTOS 2006

Crer nos orzamentos que presenta anualmente o equipo de goberno do Concello de Sanxenxo, é unha cuestión de fe.

Cada ano intentan sorprendernos con cifras astronómicas para acaparar titulares de prensa e que algún veciño despistado se faga ilusións cos investimentos que anuncian. Mais tamén, cada ano, temos que baixar do limbo (o noso alcalde esquécese de que a Igrexa dixo que xa non existía) ao comprobar como reiteradamente a execución deses orzamentos quedan case na metade ao se presentar a liquidación da conta xeral do ano anterior.

	<u>ORZAMENTO</u>	<u>LIQUIDACIÓN</u>
	(millóns €)	(millóns €)
2003	29,9	20,1
2004	39,1	21,1
2005	38,6	24,3 (avance)

Isto pasa porque os orzamentos que presentan carecen da máis mínima xustificación no que atinxe á previsión de ingresos, agás os correspondentes a impostos e taxas.

Así, presentan unha previsión de ingresos por xestión urbanística de 16 millóns de euros, sen ter asinado nin un só convenio que xustifique esa contía. Para facer esa valoración contan con vender a totalidade do aproveitamento que lle corresponde ao Concello polo desenvolvemento dos solos urbanizábeis, PEIs e PERIs, aplicando unha valoración “tarifa plana” de 601 euros sen ter en conta a situación xeográfica, e polo tanto as diferenzas no seu valor de mercado, dos solos.

Tamén temos que subliñar que reflicten unha achega de 5 millóns de euros da Deputación Provincial amparada, segundo palabras do Alcalde, “nun compromiso verbal do seu Presidente”. Será o mesmo compromiso que cando anunciou o Sr. Louzán, no ano 2004, unha partida de 1 millón de

euros para facer o complexo deportivo municipal? Ou como o anuncio do pasado ano 2005 de que ía facer 3 campos de fútbol de herba artificial no concello de Sanxenxo? Temos que lembrar que nos orzamentos do 2004 e 2005 figuraba unha partida de 900.000 euros, da Deputación, para o tan “cacarexado” complexo deportivo municipal. Por que desapareceu nos orzamentos deste ano?

O dito..., hai que ter fe!

Anuncian uns ingresos de 3 millóns de euros pola prórroga, en 10 anos, do contrato coa empresa concesionaria do abastecemento de auga e saneamento. Un contrato que vence no ano 2009, verase ampliado ata o 2019!

O que van cumprir seguro é a operación de endebedamento por importe de 5.420.000 euros, bordeando o máximo permitido do 110% e hipotecando o futuro do Concello por 20 anos. Debíalles parecer pouco ter que estar pagando o empréstito para a construción da piscina municipal ata o ano 2018 que agora pretende ampliar o endebedamento ata o ano 2026.

Telmo Martín vai conseguir o que pretendía, ser lembrado como Alcalde de Sanxenxo polas vindeiras corporacións do Concello, mais non vai selo polas súas obras senón polos seus (empréstitos) calotes.

Sanxenxo, 21 de febreiro de 2006